



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto:** Nomeamento de 1 peón forestal, durante 9 meses, para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe (Aprol Rural 2021)

**Núm. Admvo. Expte.:** 2021/E001/000005

**Expte. Decreto Núm.:** 2021/G003/000445

A xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade comunicou a este concello, con data do 01/07/2021, a concesión dunha subvención para a contratación, empregando exclusivamente a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, a tempo completo por un período de 9 meses de 1 persoa, para a ocupación de peón, co obxecto: Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe.

Por resolución de Alcaldía núm. 380/2021, de data do 09/07/2021 aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal de 1 peón forestal para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe, subvencionado pola Orde do 12/04/2021 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2021.

Posteriormente, tramitouse a oferta para este posto de traballo na oficina do servizo público de emprego de Carballo; remitindo esta oficina a relación de candidatos preseleccionados para dito posto (oferta núm. 12-2021-6290).

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 402/2021, de 20/07/2021, aprobouse a lista de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria.

Vista a acta de selección do tribunal reunido o día 26/07/2021 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas a este posto, na que propón ao sr. Alcalde designar a José María Fernández García como peón para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe.

Unha vez comprobada a documentación presentada polo aspirante José María Fernández García establecida na base duodécima das bases de selección.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

### RESOLVO:

**Primeiro:** Nomear a José María Fernández García como persoal laboral temporal para que realicen as tarefas de peón no programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe (Expte. TR351G 2021/000061-1 fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social. O contrato terá unha duración de 9 meses, dende o 30/07/2021 ata o 29/04/2022, ámbolos dous incluídos.

**Segundo:** De acordo coa base 10.4 das bases de selección esta resolución publicarase no Taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal <https://sede.laxe.es>) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde,  
Asdo.: José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora  
Asdo.: Begoña Carrasco García